

ORDENANZA FISCAL T6

REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

CAPÍTULO I. DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a “taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial constituido pola ocupación de terreos de uso público con elementos con finalidade lucrativa”, que rexirase pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao prevenido no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial que deriva da ocupación de terreos de dominio público con elementos con finalidade lucrativa, téñase obtido a autorización preceptiva municipal ou non.

Artigo 3. Suxento pasivo contribuínte

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a cuxo favor se otorguen as licencias ou quenes se beneficien da utilización ou aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42.1, párrafos a) e b) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria
2. Serán responsables subsidiarios as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria
3. O alcance e contido da responsabilidade tributaria será o definido no artigo 41 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Artigo 5. Cota tributaria da ocupación con mesas e cadeiras

1. O importe da taxa calcularase dacordo cos importes fixados nas tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo á superficie ocupada pola utilización ou aproveitamento e os elementos a instalar, expresada aquela en metros cadrados
2. Tarifas:

- a) Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

ANUAL	TEMPADA
EUROS	
20,00€/m ² /ano	15,00€/m ² /tempada

- b) Utilización de toldos ou marquesiñas fixados á vía pública: aumentarase nun 50% a contía que resulte da aplicación da tarifa do apartado a) anterior, atendendo á superficie ocupada polo toldo ou marquesiña
 - c) Utilización de separadores: aplicarase o 10% da tarifa regulada no apartado a) anterior aplicado a cada metro lineal e mes
 - d) A solicitude de instalación de terraza por periodo inferior a 15 días dentro da tempada sinalada no apartado c) seguinte, de autorizarse, gravarase co 40% da taxa sinalada no apartado a) anterior. A solicitude de dúas ocupacións ou aproveitamentos dos sinalados neste apartado será considerado unha solicitud de tempada completa, polo que a segunda será tratada como tal e liquidada pola totalidade.
 - e) A ocupación con barriles, mesas altas, cinceiros e outros elementos destinados a clientes para fumar fora do local deveñará unha taxa de 20,00€ con carácter anual. Só se permitirá a instalación de un elemento cunha ocupación máxima de un metro cadrado e prohíbese a instalación de cadeiras, taburetes ou similares de calqueira clase ou natureza.
3. Normas de aplicación das tarifas:
- a) Se o número de metros cadrados da utilización ou aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada
 - b) Se como consecuencia da colocación de toldos, marquesinas, separadores, e outros elementos análogos delímítase unha superficie maior á ocupada por cadeiras e mesas, tomarase aquela como base de cálculo
 - c) As utilizacións ou os aproveitamentos poden ser anuais, cando se autorizan para todo o ano natural, e temporais cando o periodo abarque dende o venres anterior a Semana Santa ata o 30 de setembro, de maneira irreductible. Todos os realizados sen autorización administrativa consideraranse anuais.
 - d) A utilización ou aproveitamento con separadores e outros elementos auxiliares serán irreductibles por periodos mensuais, sendo así que se devengará a taxa polo periodo enteiro sempre que a ocupación teña lugar en calqueira día do mes natural
4. No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa verá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización ou adxudicación
5. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparexado a destrucción ou deterioro da vía, o beneficiario, sen perxuizo do pago desta taxa

conforme as tarifas expresadas neste artigo, estará obrigado ao reintegro do coste total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao depósito previo do seu importe segundo informe técnico de valoración.

Se os danos fosen irreparables, o suxeito pasivo estará obrigado a indemnizar ó Concello en contía igual ao valor dos bens destruidos ou ao importe do deterioro dos danados.

Non se poderán condoar nin total nin parcialmente a indemnización ou os reintegros a que se refire este apartado.

6. Ós efectos desta Ordenanza, designarase indistintamente como terraza a ocupación con mesas e cadeiras, calesquera sea a súa forma, natureza ou material, xunto cos elementos que a delimiten, ornamenten ou sexan utilizados de forma auxiliar.

Artigo 6. Cota tributaria da ocupación con quioscos

1. A cota desta taxa será a resultante da tarifa contida no apartado seguinte, calculada atendendo á superficie cuxa ocupación quede autorizada en virtude da licencia ou da realmente ocupada se fose maior.
2. Tarifa: 70,00€ polos primeiros 10 metros cadrados. Por cada metro cadrado ou fracción que excede de dez, a tarifa sinalada incrementarase nun 20 por cento.
3. Normas de aplicación:
 - a) Para a determinación da superficie computable a efectos de aplicación da tarifa en quioscos adicados á venda de flores, prensa, consumibles e análogos, ademáis da superficie ocupada estritamente polo quiosco, terase en conta a superficie anexa utilizada para a exposición de plantas, flores, revistas, periódicos, carteles anunciantes de productos (xelados, refrescos...) e outros análogos e/ou complementarios
 - b) As contías establecidas na tarifa serán incrementadas nun 30 por cento cando nos quioscos se comercialicen artigos en réxime de expositores en depósito
4. No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa verá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaiga a concesión, autorización ou adxudicación
5. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparexado a destrucción ou deterioro da vía, o beneficiario, sen perxuizo do pago desta taxa conforme as tarifas expresadas neste artigo, estará obrigado ao reintegro do coste total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ao depósito previo do seu importe segundo informe técnico de valoración.

Se os danos fosen irreparables, o suxeito pasivo estará obrigado a indemnizar ó Concello en contía igual ao valor dos bens destruidos ou ao importe do deterioro dos danados.

Non se poderán condoar nin total nin parcialmente a indemnización ou os reintegros a que se refire este apartado.

Artigo 7. Periodo impositivo e deveño

1. Cando a utilización ou o aproveitamento especial sexa por tempada no suposto de cadeiras e mesas, o periodo impositivo coincidirá co determinado na licencia municipal. Neste caso, o deveño prodúcese no momento de solicitar a correspondente licencia.
2. Cando a utilización ou o aproveitamento especial teña sido autorizado ou prorrogado por varios exercicios, o periodo impositivo coincidirá co ano natural, a taxa deveñarase o primeiro día do periodo impositivo e as cuotas serán irreducibles. Non poderá prorrogarse a autorización por tempada.

Nos supostos de inicio na utilización privativa ou o aproveitamento especial, se o comezo da utilización ou aproveitamento non coincide co ano natural, a cota calcularase proporcionalmente ó número de trimestres que resten para finalizar o ano incluíndo o día do comezo. Neste suposto, o deveño da taxa producirase ó iniciarse a utilización privativa ou o aproveitamento especial.

No caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, as cotas serán prorranteadas por trimestres naturais, excluido aquel en que se produza dito cese. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se tivera disfrutado da utilización ou aproveitamento.

3. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o dereito á utilización ou aproveitamento do terreo de uso público previsto nesta Ordenanza non se desenvolva, procederase á devolución do importe satisfeito.

Artigo 8. Normas de xestión

1. As taxas reguladas nesta Ordenanza son independentes e compatibles entre sí .
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión da utilización ou aproveitamento gravados segundo o disposto nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte e formular declaración na que conste a superficie de utilización ou aproveitamento, acompañando un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e a súa situación dentro do municipio.
3. Os servizos técnicos do Concello e a Policía Local comprobarán e investigarán as declaracíons formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atoparse diferencias coas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.
4. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.
5. Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que se teña aboadado o depósito previo a que se refire a letra b) do artigo seguinte e se teña obtido a

correspondente licencia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licencia, sen perxuízo do pago da taxa e das sancións e recargos que procedan.

6. Unha vez autorizada a ocupación con carácter anual entenderase prorrogada mentres non se acorde a súa caducidade ou se presente baixa xustificada polo interesado ou os seus representantes.
7. A declaración de baixa implicará o cese na utilización ou aproveitamento e surtirá efectos a partir do día primeiro do trimestre natural seguinte á súa presentación no suposto de quioscos e ocupacións anuais con cadeiras e mesas. A falta de presentación da declaración de baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa. Cando a utilización ou o aproveitamento no suposto de cadeiras e mesas sexa por tempada, áinda que non sexa presentada a declaración de baixa, entenderase sempre referida ó último día natural da mesma e tramitarase de oficio.
8. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia. Non obstante, no suposto de falecemento do titular, subrogaranse na mesma os seus herdeiros, sempre que se manteña a licencia para a actividade do establecemento e a terraza; dita subrogación deberá ser solicitada, aportando o interesado a documentación que acredite a súa condición de herdeiro e xustificando o cambio de titularidade da licencia para a actividade do establecemento anexo á terraza.

Artigo 9. Ingreso da taxa

O pagamento da taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións de novas utilizacións ou aproveitamentos, por ingreso directo na Caixa Municipal ou nas contas abertas nas entidades bancarias deste municipio titularidade do Concello de Ribadeo, no momento de solicitar a correspondente licencia, a través do modelo normalizado de autoliquidación.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

- b) Tratándose de concesións da utilización ou aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluidos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais nas oficinas da Recadación Municipal ou nas contas abertas nas entidades bancarias deste municipio titularidade do Concello de Ribadeo dentro do primeiro trimestre natural.

Non obstante, o suxeito pasivo poderá solicitar a domiciliación do pago da taxa, en cuxo caso ordearse o cargo na conta bancaria durante o periodo de pago voluntario.

Artigo 10. Notificacións

Nos supostos de utilización ou aproveitamentos especiais continuados, a taxa, que ten carácter de tributo periódico, notificarse persoalmente ó solicitante no momento en que se produza a alta no rexistro de contribuíntes. En exercicios sucesivos, notificarse colectivamente, mediante exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello.

CAPÍTULO II. DAS AUTORIZACIÓNNS DE OCUPACIÓN OU APROVEITAMENTO DO DOMINIO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA

Artigo 11. Normas xerais

1. A instalación de mesas, veladores, cadeiras, sombrillas, maceteiros, separadores, toldos ou elementos análogos que delimitan a superficie ocupable polos mesmos coincidirá coa liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, e non se permitirá barra de servizo distinta da do propio establecemento. Non obstante, poderase permitir que as instalacións rebasen a liña de fachada sempre que o solicitante acredeite documentalmente a conformidade das Comunidades de Propietarios das fincas colindantes e sempre que a ocupación non disturbe o acceso ós locais comerciais anexos ou ós seus escaparates, salvo consentemento escrito neste último suposto. Só se poderá autorizar ocupación ou aproveitamento que rebase a liña de fachada en bulevares, soportais, medianas e beirarrúas de ancho igual ou superior ós 4,5 metros, cando a instalación non afecte a usos ou actividades dos colindantes ou viandantes. Non se permitirá, en ningún caso, rebasar a liña de fachada no suposto de terrazas cubertas.
2. As ocupaciónns non poderán autorizarse cando exista separación física entre o establecemento e a terraza, salvo cando dita separación física sexa expresamente autorizada por resultar más conveniente para o correcto tránsito de viandantes e sempre que non supoña a utilización da liña de fachada fronte o establecemento.
3. Todas as licencias outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

Artigo 12. Régime de solicitude e concesión. Requisitos. Revocación.

1. Poderán solicitar licencia para ocupación con terraza os titulares de licencias vixentes dos establecementos hosteleiros de carácter permanente, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que regulen a mesma.
2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Municipal con 20 días naturais de antelación como mínimo á posta en marcha da actividade ou tempada, no seu caso, dirixidas á Alcaldía-Presidencia e adxuntando a seguinte documentación:
 - a) Fotocopia da licencia de apertura
 - b) Xustificante de pago do depósito previo sinalado no artigo 9

- c) Plano detallado da superficie que se pretende ocupar con determinación da súa situación no municipio e con respecto ao establecemento a que serve e indicación dos elementos de mobiliario, natureza, número, dimensións e colocación de éstos. Incluiranse, de ser posible, os elementos ou puntos de referencia fixos e visibles tales como mobiliario urbán, árbores, tuberías e outros fácilmente localizables na vía pública ou na fachada do edificio.
3. A solicitude de ocupación ou aproveitamento por periodo anual prorrogarase automáticamente ata que se presente a declaración xustificada de baixa. A solicitude de ocupación ou aproveitamento por periodo inferior ó ano considerarase pola tempada sinalada no artigo 5.3.c) inmediatamente seguinte á solicitude e tramitarase de oficio a baixa unha vez finalizada a mesma. A solicitude de ocupación dentro de tempada por periodo inferior a 15 días esixirá declaración expresa de baixa, entendéndose que abarca a totalidade da tempada de non terse presentado a mesma ou de continuar efecticamente a ocupación finalizado o prazo sinalado na solicitude inicial, sen perxuizo das sancións ou recargos a que dera lugar dito incumprimento de prazo. Non obstante, cando surxiran circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, así como de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, o Concello mediante resolución motivada poderá revocar a licencia concedida sen dereito a indemnización a favor do interesado. Igualmente, poderá requerirse a retirada temporal das terrazas con motivo de eventos e obras municipais, polo tempo que sexa necesario, sen dereito a indemnización algúnh.
4. Non se autorizarán quioscos nin terrazas que ocupen zonas de calzada ou aparcamento de vehículos.
5. O Concello poderá denegar a solicitude de ocupación ou aproveitamento, ademáis de por incumprimento dalgúns dos requisitos sinalados nesta Ordenanza ou polo motivo sinalado no seguinte artigo *in fine*, nos seguintes supostos:
- a) Que supoña perxuizo para a seguridade viaria (disminución da visibilidade, distracción para o conductor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico de peóns
 - b) Que poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos
 - c) Que resulte inadecuada ou discordante co seu entorno ou dificulte sensiblemente o tráfico de peóns
6. Sen perxuizo da obriga de resolver, a non contestación da petición no prazo de un mes considerarase desestimada de forma tácita a efecto da interposición dos correspondentes recursos.

Artigo 13. Réxime de funcionamento.

1. O horario de apertura da terraza irá ligado ó de apertura do local correspondente e o de peche será:
 - Días laborables e festivos ás unha horas
 - Venres, sábados e vísperas de festivos ás dúas horas
 - Durante os meses de xullo e agosto os establecementos poderán ampliar o horario de peche trinta minutos
 2. Entenderase por horario de apertura o momento a partir do que se permita o acceso dos usuarios ó recinto ou instalación. O horario de peche implicará o cese efectivo de todas as actividades, polo que os usuarios non poderán permanecer nas instalacións exteriores do establecemento a partir de dito momento.
 3. A ocupación do dominio público deberá cumplir as seguintes condicións:
 - Prohibese expresamente a instalación de billardas, futbolíns, máquinas recreativas, frigoríficos, máquinas expendedoras de productos, barbacoas ou instalacións análogas, aparatos audiovisuais, reproductores de son e similares.
 - O espacio ocupado non deberá obstaculizar o paso a espacios de uso común como xardíns, áreas peatonais, aparcamentos, accesos a garaxes (vados), accesos a inmobles, etcétera...
 - A ocupación de terreo público non poderá en ningún caso ser superior ao 50% da superficie útil de paso da beirarrúa, con un mínimo de paso para peóns de 1,50 metros.
 - No suposto de rúas peonís, a ocupación realizarase dende a liña de mediana do vial á liña de fachada do establecemento, deixando como mínimo 3,00 metros para paso de peóns e, en todo caso, libres de accesos a portais de edificios e locais.
 - Deberán quedar libres para a súa inmediata utilización se fose necesario os elementos de servizos públicos tales como bocas de rego, rexistros de sumidoiros, saídas de emerxencia, arquetas de rexistro de servizos e análogos, así como o mobiliario urbán de uso e servizos.
 4. Será obriga do titular da terraza:
 - Manter esta e cada un dos elementos que a forman nas debidas condicións de ornato, salubridade e seguridade
 - Evitar ruidos e molestias de forma rigurosa a veciños do entorno, dando bo uso á zoa ocupada, ó ser responsable único da mesma
 - Evitar invadir espazos non autorizados nas calzadas ou outras zoas de beirarrúas, pasos e accesos a edificios de vivendas ou establecementos
 - Non se permitirá o almacenamento ou apilado de productos, caixas de bebidas ou outros materiais xunto terrazas

- Retirar e agrupar, ó termo de cada xornada, os elementos de mobiliario instalado e realizar as tarefas de limpeza necesarias do solo ocupado pola instalación
- Deixar libre o solo ocupado, retirando todos os elementos e efectuando unha limpeza a fondo ó finalizar a vixencia da autorización

O incumprimento das obrigas do titular que teñan que ser asumidas por execución subsidiaria polo Concello conllevarán a inhabilitación, por prazo de cinco anos, para obter novas autorizacións, sen perxuízo do reembolso das contías correspondentes, que serán reintegradas no importe da fianza regulada nos artigos 5.5 e 6.5 desta Ordenanza, no seu caso.

CAPÍTULO III. INFRACCIONES E SANCIÓNIS

Artigo 14. Infraccións

1. O Alcalde ou no seu caso o Concelleiro en quen teña delegado ditas funcións, garantirá o exacto cumprimento das normas contidas na presente Ordenanza a través dos servizos técnicos municipais e a Polícia Local, a quen se lle atribúe a función específica de fiscalizar o cumprimento das normas establecidas nesta ordenanza e demáis disposicións aplicables, correspondéndolle as funcións de investigación, averiguación e inspección nesta materia.
2. Será o Alcalde ou Concelleiro delegado quen outorgará as licencias e imporá, se procede, as correspondentes sancións, previa instrucción do expediente sancionador preceptivo.

Artigo 15. Clasificación das infraccións

As infraccións das normas contidas na presente Ordenanza e disposicións complementarias clasíficánsen en leves, graves e moi graves. Con independencia das sancións sinaladas no artigo seguinte, nos supostos de ocupación ou instalación sen licencia municipal, ben na totalidade, ben en parte, os elementos situados en zoa non autorizada serán retirados polos servizos municipais, sen previo aviso e a costa do titular da licencia, se a tivera, ou caso contrario, a costa do titular do establecemento. Actuarase do mesmo xeito no suposto de elementos non retirados da vía pública despois do horario de peche e no mantemento da instalación unha vez finalizado o período autorizado.

a) Faltas leves:

- A instalación de terraza ou quiosco carecendo da preceptiva licencia municipal, con posibilidade de legalización
- O deterioro leve dos elementos do mobiliario e ornamentais urbáns anexos ou colindantes ó establecemento producidos como consecuencia da actividade obxeto da licencia
- O incumprimento da obriga de manter o espacio exterior utilizado como terraza en perfectas condicións de limpeza e ornato público
- O deterioro leve do mobiliario da terraza
- A ocupación de maior superficie da autorizada en menos dun 10%

- O incumprimento do horario por exceso en menos de media hora
- A non veracidade dos datos consignados na solicitude e calquera outro incumprimento formal ou material non contemplado noutro epígrafe

b) Faltas graves:

- A instalación de terraza sen cubrir carecendo de licencia municipal e sen posibilidade de legalizar.
- A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves
- A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 10%
- A negativa a facilitar, cando lle sexa requerido, a licencia e/ou plano da instalación autorizada ós Axentes da Autoridade
- A colocación de envases ou calquera clase de elementos fora do recinto do establecemento
- O deterioro grave dos elementos do mobiliario e ornamentais anexos ou colindantes ó establecemento, cando se produzan como consecuencia da actividade obxeto da licencia ou concesión, sempre e cando non constitúan falta leve ou moi grave
- A non retirada do mobiliario do exterior unha vez finalizada a xornada laboral
- A consumición de bebidas fora do recinto do establecemento en que foran expedidas
- A emisión de ruidos por encima dos límites autorizados
- O incumprimento do horario de peche por exceso en más de media hora sen chegar á hora

c) Faltas moi graves:

- A reiteración en tres faltas graves
- A instalación dunha terraza cuberta ou quiosco carecendo de licencia municipal e sen posibilidade de legalizar
- A desobediencia ós lexítimos requerimentos dos axentes da Policía Local
- Non desmontar as instalacións unha vez rematado o periodo de vixencia da licencia ou cando fose requerido pola Autoridade Municipal
- A instalación de elementos de mobiliario ou auxiliares non autorizados nin conforme ás condicións establecidas na presente ordenanza
- O incumprimento das condicións técnicas de instalación e dotacións sinaladas na licencia
- O incumprimento do horario de peche por exceso nunha hora ou superior periodo de tempo

Artigo 16. Sancións

O incumprimento das prescripcións establecidas na presente Ordenanza será constitutivo dunha infracción e determinará, previa instrucción do correspondente expediente sancionador, con arreglo ó procedemento establecido legalmente, a imposición das seguintes sancións:

- Faltas leves: multas do 25 ó 50% do valor da taxa da superficie ocupada pola totalidade da terraza ou quiosco, teña ou non licencia
- Faltas graves: multas do 51 ó 100% do valor da taxa da superficie ocupada pola totalidade da terraza ou quiosco, teña ou non licencia, revocación da licencia e inhabilitación para a obtención de novas autorizacións de ata 3 anos
- Faltas moi graves: multas do 100 ó 150% do valor da taxa da superficie ocupada pola totalidade da terraza ou quiosco, teña ou non licencia, revocación da licencia e inhabilitación para a obtención de novas autorizacións de entre 3 e 5 anos

En ningún caso a sanción será inferior ó beneficio económico que a infracción teña suposto para o infractor.

Igualmente, se a inspección comprobara que estase a realizar maior aproveitamento do autorizado, á marxe do que resulte do expediente sancionador que se incole e de que se obrique ó interesado a axustar a licencia ás condicións con arreglo ás que lle foi outorgada, procederese a liquidar a taxa relativa ao exceso, de ocupación de espazo público que corresponda ao periodo en que se teña mantido a instalación non autorizada, presumíndose que dita ocupación excesiva tivo lugar dende o mesmo día da sí autorizada.

Na imposición de sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravedade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a gradación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- Existencia de intencionalidade
- Reiteración dos feitos
- Natureza dos perxuzos causados
- Reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se teña declarado por resolución firme
- Peligrosidade da infracción

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As terrazas ou quioscos instalados no momento de entrada en vigor da presente Ordenanza, poderán manterse nas mesmas condicións en que foron concedidas polo prazo autorizado, salvo no suposto en que contraveñan a presente ordenanza impedindo o paso peonil, ocupando máis porcentaxe de beirarrúa da regulada, etc... Finalizado o periodo de vixencia, no caso de formularse novas peticións, axustaranse á presente Ordenanza. En todo caso, declaráranse extinguídos no primeiro día de ano natural seguinte á entrada en vixencia desta Ordenanza as autorizacións prorrogadas por termo anual, debendo procederse a unha nova solicitude.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Fiscal T6 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa vixente ata a aprobación da presente.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi aprobada por acordo plenario de 26 de decembro de 2011 e publicada definitivamente no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011

DILIXENCIA: advertido erro na anterior publicación, corríxese o textual do artigo 12.4 para adaptalo ao aquí referido no BOP número 51 de 2 de marzo de 2012.